



Resolución do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunus dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais do proceso.

En sesión que tivo lugar o 28 de maio de 2021, o tribunal nomeado pola resolución do 22 de abril de 2021 para valorar o proceso selectivo para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunus dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, acordou outorgar á candidata Sara Varela González (**6945**) **23 puntos** na segunda fase.

A puntuación total acadada pola candidata no conxunto do proceso de selección é de **90 puntos**.

Polo tanto, de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria, o Tribunal selecciona para a praza de investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunus dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, a Sara Varela González (**6945**).

De acordo co mencionado no artigo 13 das bases, a candidata disporá de tres días hábiles para presentar alegacións. A súa estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

